CONCELLO DE SANTIAGO

Expediente: *Servizo para a execución de diversas operacións de roza, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viarios, sendas fluviais e parcelas municipais do término municipal de Santiago de Compostela (2018-2020)*

Asunto: *Valoración dos criterios de adxudicación dependentes dun xuízo de valor (sobre nº 2)*

INFORME TÉCNICO

Obxecto

Redáctase o presente informe técnico en relación a valoración dos criterios de adxudicación dependentes dun xuízo de valor (sobre nº 2) do procedemento de contratación para o ***"Servizo para a execución de diversas operacións de roza, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viarios, sendas fluviais e parcelas municipais do término municipal de Santiago de Compostela (2018-2020)"***, de acordo co seu Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP), co seu Prego de Prescricións Técnicas Particulares (PPTP) e coa documentación do expediente de referencia CON/24/2018.

Apertura sobres nº 1 e nº 2

Con data 23/10/2018 celebrouse a reunión da mesa de contratación para a apertura dos sobres nº 1 e nº 2 dos licitadores presentados, resultando inicialmente admitidos todos eles trala análise formal da súa documentación.

Con data 25/10/2018 recibiuse no Servizo de Proxectos e Obras, remitida polo Servizo de Contratación (oficio de 24/10/2018 – CON12I1V2), a documentación dos sobres nº 2 para a emisión do correspondente informe técnico de valoración dos seguintes licitadores:

Nº DE ORDE	PRESENTACIÓN		NOME DO LICITADOR	
	DATA	*REXISTRO*	*COMPLETO*	*ABREVIADO*
1	15/10/2018	45.318	UTE ELSAMEX, S.A.U. EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	ELSAMEX/VIÑAL
2	15/10/2018	45.326	ALCOMTE GALICIA, S.L.	ALCOMTE
3	15/10/2018	45.352	CETA CONTRATAS, S.L.	CETA
4	15/10/2018	45.355	EXCAVACIONES H. OTERO, S.L.	H. OTERO
5	15/10/2018	45.389	GESTAL Y LOPEZ, S.L.	GESTAL
6	15/10/2018	45.421	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.	OVIGA
7	16/10/2018	45.499	MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, S.A.	MISTURAS
8	16/10/2018	45.505	AUDECA, S.L.	AUDECA
9	17/10/2018	45.706	VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A.	VALORIZA
10	17/10/2018	45.770	UTE ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L. CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	ARINES/PONCIANO

Realizada una revisión preliminar da documentación recibida, se detectaron as seguintes incidencias:

- UTE ELSAMEX, S.A.U. / EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.

  A documentación incluída polo licitador no sobre nº 2 contén un apartado de *"Medios persoais"* no que se aporta a información correspondente a dito criterio de adxudicación avaliable mediante fórmulas (epígrafe 9 do anexo 0 do PCAP).

- UTE ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L. / CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.

  A documentación incluída polo licitador no sobre nº 2 contén un apartado de *"Medios persoais"* no que se aporta a información correspondente a dito criterio de adxudicación avaliable mediante fórmulas (epígrafe 9 do anexo 0 do PCAP).

Tendo en conta o antedito e a corrección de erro sobre a estrutura dos sobres a presentar que figura no perfil do contratante na páxina web do Concello, realizouse unha consulta xurídica ao secretario da mesa de contratación, na que se determinou que debía procederse a exclusión destes licitadores. En consecuencia, no presente informe técnico non se procede a avaliación da documentación do sobre nº 2 dos mesmos.

Análise e proposta de valoración da documentación

De acordo co establecido na cláusula 10 e no epígrafe 9 do anexo 0 do PCAP da licitación, procedeuse ao análise e valoración da documentación do sobre nº 2 dos licitadores que non foron excluídos.

Como anexos ao presente informe técnico, achéganse as seguintes táboas:

- Análise técnico da documentación dos sobres nº 2 (cláusula 13.3 e epígrafe 13 do anexo 0) en relación cos criterios de adxudicación dependentes dun xuízo de valor (cláusula 10 e epígrafe 9 do anexo 0).

  Na mesma se expón os elementos mais significativos da documentación de cada licitador que determinaron a elección da puntuación de cada un dos criterios previstos no PCAP. Aínda que a táboa é única para cada licitador, no seu contido especifícanse as diferentes observacións e comentarios para cada un dos lotes nos que presenta oferta o licitador correspondente.

- Puntuacións dos sobres nº 2 (cláusula 13.3 e epígrafe 13 do anexo 0) en relación cos criterios de adxudicación dependentes dun xuízo de valor (cláusula 10 e epígrafe 9 do anexo 0).

  Valorouse a documentación presentada polos licitadores en base 100 (de 0% a 100%) e posteriormente aplicando proporcionalmente a puntuación máxima prevista para cada criterio no PCAP.

Preséntase a continuación para a consideración da mesa de contratación, a proposta de valoración de cada licitador para cada un dos criterios de adxudicación dependentes dun xuízo de valor (cláusula 10 e epígrafe 9 do anexo 0):

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DEPENDENTES DUN XUÍZO DE VALOR	2 ALCOMTE	3 CETA	4 H. OTERO	5 GESTAL	6 OVIGA	7 MISTURAS	8 AUDECA	9 VALORIZA
a.1) Medios materiais								
a.1.1) Maquinaria, equipos de traballo, medios técnicos, instalacións, etc.	7,13	2,25	2,25	0,75	6,75	1,50	0,75	0,75
a.1.2) Materiais a utilizar nas tarefas do contrato	6,75	0,38	0,38	0,38	6,00	1,50	0,75	0,38
a.2) Execución dos traballos								
a.2.1) Operacións do Grupo I e operacións non programables do Grupo II	7,13	0,75	0,75	0,00	5,25	2,25	0,75	0,75
a.2.2) Operacións programables do Grupo II	6,75	0,75	0,75	0,00	4,50	1,50	0,75	0,38
TOTAL	***27,76***	***4,13***	***4,13***	***1,13***	***22,50***	***6,75***	***3,00***	***2,26***

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2018

O Enxeñeiro de Camiños municipal,

Firmado por FERNANDEZ SOLIS, MIGUEL (FIRMA) el día 14/11/2018 con un certificado emitido por AC DNIE 001

Asdo.: Miguel Fernández Solís

CONCELLO DE SANTIAGO

ANÁLISE TÉCNICO SOBRE Nº 2 (cláusula 13.3 e anexo 0.13) EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DEPENDENTES DUN XUÍZO DE VALOR (cláusula 10 e anexo 0.9)

DOCUMENTACIÓN SOBRE Nº 2 CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DEPENDENTES DUN XUÍZO DE VALOR	2-ALCOMTE
a.1) Medios materiais	
a.1.1) Maquinaria, equipos de traballo, medios técnicos, instalacións, etc.	Oferta o listado de maquinaria mínimo previsto no apartado 2.2 do anexo nº 3 do PPTP, maioritariamente en propiedade. Incrementa, aproximadamente sobre o mínimo: completa elementos de seguridade, duplica rozadoras, triplica maquinaria movemento terras, duplica equipamento cuadrillas e incrementa vehículos para persoal. Define e describe 5 tipos de equipos de traballo segundo a tipoloxía de tarefas previstas no PPTP. Localización instalacións: Son de Abaixo (Santiago de Compostela). Tempos recorrido: ao Concello 12 minutos e máximo (límite Oroso-O Pino) 23 minutos. As instalacións operativas dispón de equipamento propio para atender o servizo e a maquinaria adscrita. Presenta fichas da maquinaria principal a adscribir. Presenta 4 cartas de compromiso de empresas de aluguer de maquinaria xeral, específica para o servizo e sinalización de obras.
a.1.2) Materiais a utilizar nas tarefas do contrato	Oferta e cuantifica almacenamento de diversos tipos de materiais de obra para o desenvolvemento do servizo nas instalacións operativas e aporta fotografías acreditativas. Presenta 9 cartas de compromiso de subministro de produtos bituminosos, áridos (2), prefabricados de formigón (2), formigóns, canalizacións, ferralla e sinalización. Manifesta o tempo de dispoñibilidade dos materias a obter de provedores externos.
a.2) Execución dos traballos	Presenta unha proposta de cronograma anual definido polas operacións previstas no PPTP.
a.2.1) Operacións do Grupo I e operacións non programables do Grupo II	Describe as actuacións previas ao inicio do contrato coherentes coa tipoloxía do contrato de servizos e co previsto no PPTP. Presenta unha proposta dos requisitos previstos no PPTP de forma resumida e organizada de acordo co solicitado no criterio de valoración. Oferta reducir o tempo de resposta de atención a incidentes nun 50% e incorpora tempos de percorrido a distintas localizacións do término municipal. Establece un adecuado protocolo para a atención de incidentes de operacións de urxencia non programadas. Presenta modelos de partes de comunicacións, de incidencias e de inspeccións. Para as operacións non programables do Grupo II define equipos de traballo por tipoloxía de operación. Para as operacións non programables do Grupo II establece unha adecuada sistemática de operación e define as accións a executar para cada unha das previstas no PPTP.
a.2.2) Operacións programables do Grupo II	Presenta unha adecuada sistemática de traballo e organización das actuacións programables do Grupo II. Propón modelos de prevaloración e de partes de traballo para as operacións programables. Define e describe a composición dos equipos de traballo para cada tipoloxía de actuacións prevista no PPTP. Presenta proposta de procedemento de xestión de residuos e xestores autorizados, aportando 2 cartas de compromiso. Presenta autorización como transportista de residuos non perigosos e perigosos.

DOCUMENTACIÓN SOBRE Nº 2 CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DEPENDENTES DUN XUÍZO DE VALOR	3-CETA
a.1) Medios materiais	Presenta a mesma documentación que H. Otero. Presenta 16 páxinas con contido avaliable.
a.1.1) Maquinaria, equipos de traballo, medios técnicos, instalacións, etc.	Oferta o listado de maquinaria mínimo previsto no apartado 2.2 do anexo nº 3 do PPTP. Oferta aportar un listado de maquinaria de movemento de terras (escavadoras e camións) que non son obxecto do contrato. En ningún caso indica se son en propiedade o en aluguer Define como equipos de traballo os equipos humanos a adscribir pero non os medios destinados á execución das operacións do contrato. Oferta equipos de telecomunicacións para o seguimento do contrato. Localización instalacións: Vía da Cierva (Polígono do Tambre-Santiago de Compostela). Tempos recorrido: ao Concello 11 minutos e máximo (límite Val do Dubra-Trazo) 24 minutos. Das súas instalación so indica as características principais.
a.1.2) Materiais a utilizar nas tarefas do contrato	Inclúe un listado de provedores de materiais de construción, pero non aporta cartas de compromiso. O resto da documentación son declaracións xenéricas de intencións.
a.2) Execución dos traballos	Presenta, fora do seu apartado, un esquema xenérico para o seguimento de avisos e incidencias sen adaptar a súas propias características. Oferta un programa de xestión documental para o seguimento do contrato.
a.2.1) Operacións do Grupo I e operacións non programables do Grupo II	Presenta unha metodoloxía moi xenérica e simple dun servizo de conservación de estradas. Non está adaptada as especificacións do contrato nin as características do territorio de Santiago de Compostela.
a.2.2) Operacións programables do Grupo II	Presenta unha proposta moi xenérica de actuación que non permite verificar o adecuado cumprimento do contrato.

CONCELLO DE SANTIAGO

DOCUMENTACIÓN SOBRE Nº 2 CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DEPENDENTES DUN XUÍZO DE VALOR	4-H. OTERO
a.1) Medios materiais	Presenta a mesma documentación que Ceta. Presenta 16 páxinas con contido avaliable.
a.1.1) Maquinaria, equipos de traballo, medios técnicos, instalacións, etc.	Oferta o listado de maquinaria mínimo previsto no apartado 2.2 do anexo nº 3 do PPTP. Oferta aportar un listado de maquinaria de movemento de terras (escavadoras e camións) que non son obxecto do contrato. En ningún caso indica se son en propiedade o en aluguer Define como equipos de traballo os equipos humanos a adscribir pero non os medios destinados á execución das operacións do contrato. Oferta equipos de telecomunicacións para o seguimento do contrato. Localización instalacións: Vía Faraday (Polígono do Tambre-Santiago de Compostela). Tempos recorrido: ao Concello 10 minutos e máximo (límite Val do Dubra-Trazo) 26 minutos. Das súas instalación so indica as características principais.
a.1.2) Materiais a utilizar nas tarefas do contrato	Inclúe un listado de provedores de materiais de construción, pero non aporta cartas de compromiso. O resto da documentación son declaracións xenéricas de intencións.
a.2) Execución dos traballos	Presenta, fora do seu apartado, un esquema xenérico para o seguimento de avisos e incidencias sen adaptar a súas propias características. Oferta un programa de xestión documental para o seguimento do contrato.
a.2.1) Operacións do Grupo I e operacións non programables do Grupo II	Presenta unha metodoloxía moi xenérica e simple dun servizo de conservación de estradas. Non está adaptada as especificacións do contrato nin as características do territorio de Santiago de Compostela.
a.2.2) Operacións programables do Grupo II	Presenta unha proposta moi xenérica de actuación que non permite verificar o adecuado cumprimento do contrato.

DOCUMENTACIÓN SOBRE Nº 2 CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DEPENDENTES DUN XUÍZO DE VALOR	5-GESTAL
a.1) Medios materiais	Presenta 19 páxinas con contido avaliable.
a.1.1) Maquinaria, equipos de traballo, medios técnicos, instalacións, etc.	Oferta, en propiedade ou en aluguer, o listado de maquinaria mínimo previsto no apartado 2.2 do anexo nº 3 do PPTP. Presenta 7,5 páxinas de fotografías da maquinaria da súa propiedade (tractores e maquinaria básica de movemento de terras), pero non acredita a mesma. Non presenta cartas de compromiso de aluguer de maquinaria. Localización instalacións: Lugar de Queirúa (Ordes). Tempos recorrido: ao Concello 33 minutos e máximo (límite Val do Dubra-Trazo) 45 minutos. Das súas instalación so indica as características principais.
a.1.2) Materiais a utilizar nas tarefas do contrato	Presenta un listado moi simple de materias que se compromete a ter en provisión sen indicar cantidades. Aporta o certificado acreditativo da ISO 9001 que non é avaliables.
a.2) Execución dos traballos	Transcribe literalmente (6 páxinas) contidos do PPTP. Non aporta documentación que permita avaliar o criterio de adxudicación.
a.2.1) Operacións do Grupo I e operacións non programables do Grupo II	
a.2.2) Operacións programables do Grupo II	

DOCUMENTACIÓN SOBRE Nº 2 CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DEPENDENTES DUN XUÍZO DE VALOR	6-OVIGA
a.1) Medios materiais	Presenta un apartado 1.3 de documentación que non se require na presente licitación. Era un apartado da licitación do ano 2014.
a.1.1) Maquinaria, equipos de traballo, medios técnicos, instalacións, etc.	Oferta o listado de maquinaria mínimo previsto no apartado 2.2 do anexo nº 3 do PPTP. Incrementa aproximadamente sobre o mínimo: completa elementos de seguridade, duplica rozadoras, triplica maquinaria movemento terras e duplica equipamento cuadrillas. Define e describe 5 tipos de equipos de traballo segundo a tipoloxía de tarefas previstas no PPTP. Localización instalacións: polígono industrial de Sigüeiro (Oroso). Tempos recorrido: ao Concello 23 minutos e máximo (límite Val do Dubra-Trazo) 34 minutos. Equipamento informático específico COEX. Presenta fichas da maquinaria principal a adscribir. Presenta carta de compromiso de empresa de aluguer de maquinaria.
a.1.2) Materiais a utilizar nas tarefas do contrato	Oferta almacenamento de diversos tipos de materiais (sinais verticais, tubos, arquetas e pozos, áridos, cemento, geotextil, aglomerado en frío e madeira para encofrados) especificando cantidades provisionadas. Presenta 4 cartas de compromiso de subministro de prefabricados de formigón (2) e áridos (2).
a.2) Execución dos traballos	
a.2.1) Operacións do Grupo I e operacións non programables do Grupo II	Presenta unha proposta dos requisitos previstos no PPTP de forma resumida e organizada de acordo co solicitado no criterio de valoración. Oferta reducir o tempo de resposta de atención a incidentes nun 50%. Presenta modelos de partes de incidencias e de inspeccións. Oferta incrementar o número de recoñecementos periódicos de sinais e carteis nun 33%, de elementos de balizamento un 50% e de obras de terra, desaugadoiros e drenaxes nun 50%. Propón a utilización dun software específico para la axenda das estradas. Para as operacións non programables do Grupo II define equipos de traballo por tipoloxía de operación.
a.2.2) Operacións programables do Grupo II	Define e describe a composición dos equipos de traballo para cada tipoloxía de actuacións prevista no PPTP. Na descrición global das actuacións mais principais transcribe a información do PPTP. Presenta proposta de procedemento de xestión de residuos e xestores autorizados pero sen cartas de compromiso.

CONCELLO DE SANTIAGO

DOCUMENTACIÓN SOBRE Nº 2 CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DEPENDENTES DUN XUÍZO DE VALOR	7-MISTURAS
a.1) Medios materiais	
a.1.1) Maquinaria, equipos de traballo, medios técnicos, instalacións, etc.	Oferta o listado de maquinaria mínimo previsto no apartado 2.2 do anexo nº 3 do PPTP, maioritariamente en propiedade, incrementada con equipos para estendido de firmes de aglomerado en quente e para movementos de terras e explanacións. Manifesta que alugará unha nave-almacén para o servizo dentro do término municipal pero no aporta ningunha información específica da mesma. Localización instalacións (oficinas de xestión): Ourense. Tempos recorrido: ao Concello 1 hora e 13 minutos e máximo (límite Val do Dubra-Trazo) 1 hora e 31 minutos. Manifesta ser propietario dunha planta de fabricación de mesturas bituminosas e inclúe especificacións técnicas. Propón 6 xestores de residuos e aporta 3 cartas de compromiso. Define equipos de traballo segundo os capítulos do cadro de prezos do PPTP. A documentación é practicamente idéntica a presentada para a licitación do contrato do servizo de mantemento de viarios municipais 2018-2020 e non está adaptada á presente licitación.
a.1.2) Materiais a utilizar nas tarefas do contrato	Propón unha declaración de intencións de ter provisións (non establece materiais nin cuantificación) nunha nave-almacén que alugará. Propón xenericamente que adquira os materias en provedores cualificados (áridos, formigóns, materias primas para as mesturas bituminosas no Lote 1 e manufacturados). Propón unha táboa de futuras provisións de pequenos materias pero non son críticos para o funcionamento do servizo. Propón unha táboa con 23 provedores de materiais: áridos (4), formigóns (4), mesturas bituminosas e emulsións (1), aceiros (4), prefabricados de formigón (4), sinalización (4) e material cerámico (2). Aporta 10 cartas de compromiso (10 páxinas) de algúns dos provedores propostos. Presenta diversos certificados vinculados a calidade dos materias pero polo seu tamaño son ilexibles (páxina 24). As páxinas 25 a 27 non cumpren os criterios de formato documental previstos no PCAP xa que son 39 documentos A4, que resultan ilexibles polo seu tamaño, e non se considera a súa avaliación. A documentación é practicamente idéntica a presentada para a licitación do contrato do servizo de mantemento de viarios municipais 2018-2020 e non está adaptada á presente licitación.
a.2) Execución dos traballos	
a.2.1) Operacións do Grupo I e operacións non programables do Grupo II	Presenta 6 páxinas con contido avaliable. Expón, de maneira xeral, a organización e sistemática de traballo dun servizo COEX de estradas xerais sen particularizar para o obxecto do contrato que se licita. Nas operacións non programables do Grupo II non desenvolve suficientemente a organización que propón.
a.2.2) Operacións programables do Grupo II	Presenta 4,5 páxinas con contido avaliable. Inclúe 3 cartas de compromiso de subministradores fora do seu apartado. Inclúe unha breve descrición do roza e limpeza de gabias de estradas xerais. Non ten en conta viarios urbanos e periurbanos, parcelas, sendas fluviais, etc. Presenta un cronograma para as operacións en viarios.

DOCUMENTACIÓN SOBRE Nº 2 CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DEPENDENTES DUN XUÍZO DE VALOR	8-AUDECA
a.1) Medios materiais	
a.1.1) Maquinaria, equipos de traballo, medios técnicos, instalacións, etc.	Presenta, sen compromiso de adscrición, o listado de maquinaria mínimo previsto no apartado 2.2 do anexo nº 3 do PPTP e non especifica a súa titularidade. Presenta un listado de 2 páxinas de maquinaria e ferramentas da súa propiedade (equipos auxiliares de obra e de silvicultura). Presenta un listado de 6 páxina de vehículos da súa propiedade (vehículos de persoal, de movemento de terras e obra civil, conservación de estradas, etc.). Non presenta outra documentación (medios técnicos, instalacións, etc.) que permita avaliar o apartado.
a.1.2) Materiais a utilizar nas tarefas do contrato	Manifesta a intención, fora do seu apartado, que alugará unha nave con oficinas e explanada exterior para o desenvolvemento do contrato pero non aporta información xustificativa o acreditativa. Manifesta xenericamente a intención de dispor provisionado un listado de pequeno material de obra, pero non cuantifica as súas cantidades. Manifesta os subministros serán dun listado de 13 provedores, pero non presenta ningunha carta de compromiso. A documentación presentada non permite a avaliación do stock almacenado dispoñible, da calidade nin da garantía de subministro dos materiais a utilizar nas tarefas de conservación, mantemento e reparación.
a.2) Execución dos traballos	A documentación presentada é xenérica e moi pouco detallada para un contrato de conservación de estradas xerais. Non ten en conta a diversa tipoloxía dos viarios municipais. Non ten en conta o resto de elementos obxecto do contrato (parcelas municipais e sendas fluviais). Os esquemas organizativos que presenta son diagramas de fluxo que só transcriben xenericamente o previsto no PPTP sen aportar particularidades do licitador. A documentación presentada non garante a capacidade do licitador para desenvolver o contrato.
a.2.1) Operacións do Grupo I e operacións non programables do Grupo II	O nivel de concreción da documentación presentada é inferior ao previsto no PPTP. Presenta, fora do seu apartado, unha referencia inconcreta e xenérica de 3 parágrafos sobres as operacións non programables do Grupo II
a.2.2) Operacións programables do Grupo II	Propón para a execución destas operacións a subcontratación a demanda de 4 equipos de traballo especializados en diferentes tipos de operacións: É dicir, o licitador será meramente un xestor das directrices municipais sobre as subcontratas que executarán o núcleo principal do contrato e, por outra banda, comprométese a non superar a limitación do 60% de subcontratación. Algúns das operacións definidas (pavimentos) non son obxecto do contrato licitado. Oferta como actividades a executar as previstas obrigatoriamente no PPTP. Manifesta que realizou a visita ao "sector" para a elaboración da oferta. A terminoloxía utilizada é a dos contratos de conservación de estradas do Estado. Os procedementos de execución son transcricións do PPTP, de literatura técnica de conservación de estradas xerais ou de normativa de estradas.

CONCELLO DE SANTIAGO

DOCUMENTACIÓN SOBRE Nº 2 CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DEPENDENTES DUN XUÍZO DE VALOR	9-VALORIZA
a.1) Medios materiais	
a.1.1) Maquinaria, equipos de traballo, medios técnicos, instalacións, etc.	Manifesta que a adquisición do material e da maquinaria para a prestación do servizo será da súa conta. Dedúcese que actualmente non dispón de medios para o desenvolvemento do contrato. Dedica 10 páxinas a describir a tecnoloxía e características dos vehículos e da maquinaria que adscribirá ao servizo, pero dita información non é avaliable para este criterio de adxudicación. A presentación en outro orden ao previsto no PPTP impide verificar o cumprimento do equipo mínimo previsto no apartado 2.2 do anexo nº 3 do PPTP. No subapartado "equipos de traballo" do apartado "medios materiais" describe a organización dos "medios persoais" que non é obxecto de valoración neste criterio de adxudicación. No subapartado "medios técnicos" presenta unicamente información xenérica sen concretar a súa aportación material ao contrato e desenvolve un sistema organizativo xenérico das comunicacións que non é obxecto de valoración neste criterio de adxudicación. Manifesta que contará cunhas instalacións operativas nunha nave na Vía da Cierva no Polígono do Tambre, aportando fotografías con marca de auga del portal web Idealista para a compra-venta de inmobles. Consultado dito portal figura a nave proposta polo licitador con anuncios activos de aluguer ou de venta (ref. 3421-03731 - https://www.idealista.com/inmueble/39617795/). Non aporta carta de compromiso sobre a disposición da nave proposta.
a.1.2) Materiais a utilizar nas tarefas do contrato	Presenta unha declaración xenérica de intencións (1 páxina) que non permite a súa avaliación técnica. Presenta un posible listado de 8 posibles provedores de materiais de obra pero non aporta cartas de compromiso. Presenta un listado de características de vestiario laboral do persoal que non é avaliable para este criterio de adxudicación e, ademais, é obrigatorio por normativa de prevención de riscos laborais e por PPTP. Presenta, fora do seu apartado, un listado (3 páxinas) con características xenéricas do material mínimo obrigatorio de sinalización de obras e de protección a terceiros. A documentación presentada non permite avaliar o criterio de adxudicación.
a.2) Execución dos traballos	A documentación presentada é xenérica e moi pouco detallada para un contrato de conservación de estradas xerais. Non ten en conta a diversa tipoloxía dos viarios municipais. Non ten en conta o resto de elementos obxecto do contrato (parcelas municipais e sendas fluviais). A documentación presentada non garante a capacidade do licitador para desenvolver o contrato.
a.2.1) Operacións do Grupo I e operacións non programables do Grupo II	O nivel de concreción da documentación presentada é inferior ao previsto no PPTP. Para as operacións non programables do Grupo II presenta unha declaración de intencións que non garante a capacidade de resposta prevista no PPTP.
a.2.2) Operacións programables do Grupo II	Presenta unha táboa (3 páxinas) coa transcrición de 2 columnas dos cadros de prezos previstos no PPTP. Para a descrición da organización da execución das operacións programables do Grupo II presenta 2 páxinas sen contido técnico avaliable. Presenta un exemplo de cronograma dunha estrada municipal que non é operativo.

CONCELLO DE SANTIAGO

PUNTUACIÓNS SOBRE Nº 2 (cláusula 13.3 e anexo 0.13) EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DEPENDENTES DUN XUÍZO DE VALOR (cláusula 10 e anexo 0.9)

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DEPENDENTES DUN XUÍZO DE VALOR		2-ALCOMTE		3-CETA		4-H. OTERO		5-GESTAL		6-OVIGA		7-MISTURAS		8-AUDECA		9-VALORIZA	
Criterios	$P_{máx}$	%	*P*	%	*P*	%	*P*	%	*P*	%	*P*	%	*P*	%	*P*	%	*P*
a.1) Medios materiais																	
a.1.1) Maquinaria, equipos de traballo, medios técnicos, instalacións, etc.	7,50	95%	7,13	30%	2,25	30%	2,25	10%	0,75	90%	6,75	20%	1,50	10%	0,75	10%	0,75
a.1.2) Materiais a utilizar nas tarefas do contrato	7,50	90%	6,75	5%	0,38	5%	0,38	5%	0,38	80%	6,00	20%	1,50	10%	0,75	5%	0,38
a.2) Execución dos traballos																	
a.2.1) Operacións do Grupo I e operacións non programables do Grupo II	7,50	95%	7,13	10%	0,75	10%	0,75	0%	0,00	70%	5,25	30%	2,25	10%	0,75	10%	0,75
a.2.2) Operacións programables do Grupo II	7,50	90%	6,75	10%	0,75	10%	0,75	0%	0,00	60%	4,50	20%	1,50	10%	0,75	5%	0,38
TOTAL	***30,00***		***27,76***		***4,13***		***4,13***		***1,13***		***22,50***		***6,75***		***3,00***		***2,26***

Abreviaturas

%: porcentaxe de puntuación asignado ao criterio de valoración
×: documentación acreditativa non presentada ou non axustada ao PPTP
P: puntuación licitador en cada criterio de valoración
$P_{máx}$: puntuación máxima criterios de valoración